

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13/02/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.
- 3º.- Adxudicación definitiva Parque de Sardiñeiro POS Deputación.-
- 4º.- Expedientes de solicitudes de Subvención 2020.-
- 5º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **13/02/2020** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 30 de Xaneiro de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do

Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A VANESA PAMPÍN MARTÍNEZ, veciña de Fisterra, para proceder á Rehabilitación de Vivenda Unifamiliar con Referencia Catastral 15038A006005110000FZ, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez de data Agosto de 2019, e documentación presentada que consta no expediente; condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo, oficios da dirección de execución das obras e de ser o caso coordinación de seguridade e saúde.
- Para o inicio das obras será necesario ó cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.
- Deberase acometer o estudio xeotécnico na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada o que deba acreditar antes ou simultaneamente a solicitude de primeira utilización da edificación.
- Restableceranse ao seu estado orixinal as rúas e as beirarrúas que resultasen danadas coas obras, a conta do promotor e completárase a urbanización na fronte da aliñación cos mesmo tipo a calidade que os materiais existentes.
- Conectarase pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes.
- De existir, o vertido da fosa séptica, quedará supeditada á correspondente autorización do organismo de conca como preceptúa o Texto Refundido da Lei Augas aprobado por Real decreto legislativo 1/2001 , do 20 de xullo e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril. Non se poderá utilizar a vivenda nova sen a perceptiva Autorización.
- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra

disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2019/U022/000013
- DATA CONCESIÓN DA LICENZA: 13/02/2020

- ORDENANZA DE APLICACIÓN: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA)
- PROMOTOR: D^a. Vanesa Pampín Martínez
- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA: Antonio Martínez Domínguez. Colexiado nº: 3.442.
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL:
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B+1
- USOS: Vivenda Unifamiliar
- PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos dende a data de concesión da licenza.

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dous mil oitenta e dous euros con trinta e sete céntimos (2.082,37 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de NOVENTA E CATRO MIL SEISCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (94.653,19 €).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA FLORIT AMENGUAL, veciña de Calviá - Baleares (Rexistro de Entrada 243 de 29/01/2020) para proceder á substitución do canal de augas existente no interior da fachada posterior e colocalo polo exterior, colocación de novas portas e instalar plaqueta sobre terrazo existente, nunha vivenda (Referencia Catastral 8609606MH7580N0004XI).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Febreiro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do

Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. con CIF A-36651313 e domicilio social na Rúa Real desta Vila (Rexistro de Entrada 302 de 5/02/2020) para proceder ás obras consistentes na apertura de gabia de 1 metro aproximadamente para reparación de filtracións de auga na parte traseira do Supermercado Familia pola Rúa Federico Ávila (Referencia Catastral 8607404MH7580N0001YT).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Febreiro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de PLÁCIDA FÁBREGAS LORENZO, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 310 de 5/02/2020), para proceder ás obras consistentes no arreglo de parede interior para evitar humidades na mesma e colocación de plaqueta no solo de dúas habitacións dunha vivenda (Ref. Catastral 8704010MH7580S0001YD).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 12 de Febreiro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

Vista a solicitude presentada por parte de INGENIERÍA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L., con CIF B70240593 e domicilio social na Rúa Templarios, 16 Baixo da Vila de Culleredo - A Coruña, (Rexistro de Entrada 13 de 3/02/2020) para proceder á ocupación temporal da vía pública nunha superficie de 10 metros cadrados con colector de obra, co motivo da substitución do caixeiro

automático do Banco Santander sito na Rúa Real, 33 desta Vila de Fisterra, que non impedirá o paso de vehículos.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Febreiro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionado a:

-- Informarase do día do comezo das obras mediante escrito no Rexistro de Entrada no Concello.

-- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

Así mesmo, **deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade 20 euros en concepto de taxas por ocupación da vía pública.**

B) Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación con data 12/02/2020 en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno con data o 9/05/2019 a nome dos promotores **LUÍS MIGUEL LAGO RIVAS e MARÍA ALICIA COSTA MARTÍNEZ**, veciños de Fisterra.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o **Proxecto de Execución** presentado por **LUÍS MIGUEL LAGO RIVAS e MARÍA ALICIA COSTA MARTÍNEZ**, para proceder á **Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada**, a emprazar nunhas parcelas con **Referencia Catastral 8216115MH7581N0001DX e 8216131MH7581N0001AX** redactado polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez con visado de data 30 de Agosto de 2019 que consta no expediente ó cal **deberá axustarse plenamente, cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística outorgada.-**

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Co fin de garantir a realización da urbanización será necesario a presentación dunha garantía en favor deste Concello mediante Aval Bancario ou metálico por un importe de Dous mil euros (2.000,00 €), que será devolta ós promotores unha vez que a obra e urbanización estean rematadas.

2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

3º.- Adxudicación definitiva Parque de Sardiñeiro POS Deputación.-

Examinado o expediente coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Aberto Simplificado da Obra denominada denominada "Rehabilitación Parque Infantil Praia de Sardiñeiro" cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Cento vinte e tres mil oitocentos vinte e catro euros con noventa e tres céntimos (123.824,93 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro da Primeira Fase do Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Adicional 1/2019 con Código 19.2001.0486.0.-

Vista a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión de data 4 de Febreiro de 2020 en favor da Empresa con mellor oferta, Búa Construcciones y Servicios S.L.,

Resultando que por parte da citada Empresa foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como a demais esixida no Prego de Cláusulas Administrativas.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbría, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de Oitenta e sete mil catrocentos trinta e oito euros con dous céntimos (87.438,02 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Dezaoto mil trescentos sesenta e un euros con noventa e oito céntimos (18.361,98 €) que supón unha baixa de Dezaoto mil vinte e catro euros con noventa e tres céntimos (18.024,93) en relación co tipo de licitación.-

2º.- Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non mais tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo.--

Así mesmo notificárase dito acordo ós licitadores presentados publicándose na plataforma de contratación do Estado .

3º.- Designar como Técnico Director da Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde, ó Arquitecto Alfonso Botana Castelo que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

4º.- Facultar o Sr. Alcalde Presidente para que no nome desta Corporación, proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

4º.- Expedientes de solicitudes de Subvención 2020.-

A) Subvención Xunta de Galicia Axentes de Turismo.-

Vista a Resolución do 2 de Xaneiro de 2020 dictada pola Axencia Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de Maio, xuño, xullo, agosto e setembro de 2020, publicada no Diario Oficial de Galicia número 28 de 11 de Febreiro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Solicitar da Axencia Turismo de Galicia, unha subvención polo importe de Sete mil euros (7.000 €) para financiar persoal con destino ás Oficinas de Turismo dentro do Termo Municipal de Fisterra durante o período comprendido entre o día 15 de Xuño ó 14 de Setembro de 2020 cun gasto total previsto de contratación que ascende a cantidade de Dez mil seiscentos corenta euros con catro céntimos (10.640,04 €).-

O número de traballadores/as a contratar será dun total de dous, en réxime eventual laboral dado que este servizo está considerado de carácter esencial pola finalidade a que se dirixe e cunhas retribucións salariais brutas previstas, en equiparación, dentro do Convenio Colectivo vixente aplicable a este persoal que consta no expediente.--

2) Financiar ás partidas orzamentarias que non resulten subvencionadas ao abeiro da citada Resolución e os/as traballadores/as a contratar terán algunha das titulacións establecidas no Artigo 1 das Bases Reguladoras da mesma.-

3) Remítase certificación deste acordo a citada Axencia acompañada da documentación a que se fai referencia no Artigo 4.5 da citada Resolución.-

B) Subvención contratación Aprol Rural ano 2020.-

-- Á vista da Orde do 20 de Decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural) publicada no Diario Oficial de Galicia número 18 de data 28 de Xaneiro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, unha Subvención por importe de Trece mil cento cincuenta euros (13.150 €) para financia-los soldos e cotas á Seguridade Social do persoal beneficiario dos servizos que se indican a unha xornada do 100 %:

Número	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERÍODO
1	Peóns Forestais	13.436,28 €	9 meses

2) Remitir certificación deste acordo a citada Consellería xunto coa documentación prevista no Artigo 8.1 da citada Orde.---

C) Subvención Diputación Técnicos de Turismo ano 2020

Visto Programa de Subvencións dirixido a Concellos e Agrupacións de Concellos da Provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos de persoal das Oficinas de Turismo durante o exercicio 2020 publicada no Boletín Oficial da Provincia número 13 do 21 de Xaneiro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Solicitar da Excma Diputación Provincial (Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego) unha Subvención polo importe de Dezanove mil vinte e seis euros con sesenta céntimos (19.026,60 €) para financiar persoal con destino ás Oficinas de Turismo dentro do Termo Municipal de Fisterra en xornada completa e durante o período de Cinco meses e medio.-

O número de traballadores/as a contratar será dun total de Dous en réxime eventual laboral dado que este servizo está considerado de carácter esencial pola finalidade a que se dirixe por estar Declarado este Concello como Municipio Turístico Galego, cunha retribucións salarais brutas en equiparación dentro do Convenio Colectivo vixente aplicable e aprobado polo Pleno da Corporación.-

2) Remítase certificación deste acordo ó citado Organismo Provincial acompañada da documentación a que se fai referencia no Artigo 7.2 das Bases Específicas previstas para este Programa.-

D) Subvención contratación Persoas Exclusión Social ano 2020.-

-- Á vista da Orde do 20 de Decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) publicada no Diario Oficial de Galicia número 18 de data 28 de Xaneiro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, unha Subvención por importe de Vinte mil seiscientos dezaoto euros con vinte e oito céntimos (20.618,28 €) para financia-los soldos e cotas á Seguridade Social do persoal beneficiario equivalente o 100% dos servizos que se indican e cunha xornada do 75 %:

Número	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERÍODO
2	Grupo Apoio a Servizos Múltiples	21.116,96 €	9 meses

2) Remitir certificación deste acordo a citada Consellería xunto coa documentación prevista no Artigo 6 da citada Orde.---

E) Subvención Xunta de Galicia Axudas Fomento Emprego ano 2020.--

-- Á vista da Orde de 20 de Decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais publicada no Diario Oficial de Galicia número 18 de data 28 de Xaneiro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar o Proxecto redactado para prestación do seguinte Servizo Público Municipal :

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERÍODO
4	Socorristas de praia	21.688,80 €	3 meses

2) Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, unha Subvención por importe de Dezaoto mil euros (18.000,00 €) para financia-los soldos e cotas á Seguridade Social do persoal desempregado.--

3) Compromiso firme de aportación municipal por un importe de Tres mil seiscientos oitenta e oito con oitenta céntimos (3.688,80 €).-

F) Subvención Deputación Provincial Museos ano 2020.--

-- Unha vez examinadas as Bases reguladoras do programa de Subvencións a Concellos e Entidades Locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2020 publicada pola Excmá Deputación Provincial no Boletín Oficial da Provincia número 21 de data 31 de Xaneiro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a Memoria explicativa redactada ao efecto para levar a cabo a contratación de persoal técnico no Museo de Pesca de Fisterra cun gasto total de Quince mil novecentos sesenta euros con seis céntimos (15.960,06 €) en concepto de Salarios e Cotas Empresa para a Seguridade Social durante o ano 2020 que consta no expediente, solicitando da Excmá Deputación Provincial unha Subvención por un importe de Quince mil cincocentos sesenta e sete euros con vinte e un céntimos (15.567,21 €).-

2) Compromiso firme de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información que do desenvolvemento das actividades realice este Concello e de aportación municipal polo importe de Trescentos noventa e dous euros con oitenta e cinco céntimos (392,85 €).-

3) Remitir certificación deste acordo á Excmá Deputación Provincial xunto coa documentación sinalada na Cláusula 7ª da Convocatoria.-

G) Subvención Deputación Provincial Animador/a Cultural ano 2020.--

Examinadas as Bases da Convocatoria para mantemento de persoal técnico nos servizos municipais de Cultura durante o ano 2020 publicada pola Excmá Diputación Provincial no Boletín Oficial da Provincia número 21 de data 31 de Xaneiro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

a) Aprobar á Memoria redactada para Mantemento do actual posto de traballo de Animadora Cultural dentro do Departamento de Cultura desta Corporación que consta no expediente cun gasto total de Vinte e tres mil cento un euros con setenta e dous céntimos (23.101,72 €) en concepto de Salarios e Cotas Empresa á Seguridade Social.-

b) Solicitar da Excmá Diputación Provincial unha Subvención por importe de Dez mil euros (10.000 €) para o seu financiamento.-

c) Remitir Certificación deste acordo, xunto coa documentación prevista, ó citado Organismo Provincial dentro do prazo establecido.-

H) Subvención Deputación Provincial Persoal Técnico Deportivo ano 2020.--

Vista a Resolución de 3 de Febreiro de 2020 ditada pola Presidencia da Excma Deputación Provincial e examinadas as Bases da Convocatoria para mantemento de persoal técnico nos servizos municipais de Cultura durante o ano 2020 publicada pola Excma Diputación Provincial no Boletín Oficial da Provincia número 26 de data 7 de Febreiro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

a) Aprobar á Memoria redactada para Mantemento do actual posto de traballo de Animadora Cultural dentro do Departamento de Cultura desta Corporación que consta no expediente cun gasto total de Vinte e dous mil cento noventa euros con cincuenta e dous céntimos (22.190,52 €) en concepto de Salarios e Cotas Empresa á Seguridade Social.-

b) Solicitar da Excma Diputación Provincial unha Subvención por importe de Dez mil euros (10.000 €) para o seu financiamento.-

c) Remitir Certificación deste acordo, xunto coa documentación prevista, ó citado Organismo Provincial dentro do prazo establecido.-

5º.- Asuntos varios.-

AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a I. G. T., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Catrocentos euros (400 €) para afrontar gastos pola adquisición de medicamentos , ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

Dito importe farase efectivo directamente por este Concello á Farmarcia Jesús María González Pérez de Fisterra previa xustificación Factura/as correspondentes.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a C. L. C., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a I. M. A., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

TARXETA DE ESTACIONAMENTO

- Á vista do **informe** emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda conceder a MANUEL GERPE ESPASANDIN**, veciño de Fisterra a **tarxeta de estacionamento para minusválidos cun período de validez de DEZ ANOS** por ter dificultades de mobilidade según resolución de recoñecemento do grado de discapacidade expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia de data 29 de Maio de 2017 .--

- Á vista do **informe** emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda conceder a SOCORRO DOMINGUEZ DIAZ**, veciña de Fisterra a **tarxeta de estacionamento para minusválidos cun período de validez de DEZ ANOS** por ter dificultades de mobilidade según resolución de recoñecemento do grado de discapacidade expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia de data 3 de Febreiro de 2020 .--

AXUDAS ECONÓMICAS

A Xunta de Goberno local por **Tres votos a favor** (1 Alcalde e seu voto de calidade e 1 de Soledad Vilela Romero do grupo PSdG-PSOE) e **dous en contra dos Concelleiros do grupo BNG** ó non estar de acordo con estas actividades destinadas a Caza de animais, **acorda conceder a José Canosa Senlle**, veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de **Seiscentos cincuenta euros (650 €)** para sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da Organización do X Campionato de Caza San Huberto Cabo Fisterra a celebrar o día 28 de Marzo de 2020.-

SUSTITUCIÓN VEHICULO DE TAXI

Unha vez examinado o expediente e a vista da documentación presentada, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda :**

1) Emitir proposta Favorable á petición formulada por parte de **CARLOS INSUA LOBELOS**, veciño de Fisterra **para proceder á Substitución do Vehículo actual**, Marca Volkswagen, **Matricula 7546 FYF**, destinado o **Servizo Público de Taxi** coa **Licenza número 6**, por outro **Novo coas seguintes características :**

Marca/ Modelo	Matricula	Número de Bastidor
Volkswagen Passat	8204 JYV	WVWZZZ3CZHE188207

2) Facer saber o titular da licenza que a súa eficacia queda condicionada á Resolución favorable da Administración Autónoma de Galicia (Xunta de Galicia) e se inscribirá no Rexistro de Titulos Habilitantes de conformidade co disposto no Artigo 3 do Decreto 103/2018 de 13 de Setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de Maio de 2013 de transporte público de persoas en vehículos de Turismo de Galicia.-"

3) Trasladar o expediente ao Servizo de Mobilidade da Xunta de Galicia para emisión do Informe preceptivo establecido no Artigo 3 c) do citado Real Decreto.-

CONTRATO PRESTACION DE SERVICIOS

Ante a necesidade de continuar coa prestación do Servizo dentro da Escola de Teatro Municipal cos seguintes :

GRUPOS

INICIACIÓN	1 / Hora semanal
ESTABLE	2 / Horas semanais

Non dispoñendo de persoal técnico especializado nesta materia que poida levar a cabo dito Servizo e considerándoo necesario para cumprir os fins e intereses municipais,

Vista a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de Novembro de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Adxudicar mediante Contrato Menor a prestación deste Servizo en favor da Empresa PRODUCTIONS TEATRAIS TALIA S.L. con CIF B70123567 e domicilio fiscal na Rúa Marconi, 2 A Polígono do Tambre en SANTIAGO DE COMPOSTELA (CP 15890) nunha contía de Catro mil setecentos vinte e cinco euros (4.725 €) e Novecentos noventa e dous euros con vinte e cinco céntimos (992,25 €) do Imposto sobre o Valor Engadido durante o ano 2020.-

2) Os traballos a realizar quedan supeditados as Normas que se diten a través do Departamento de Cultura desta Corporación.-

3) Os pagos efectuaránse con carácter mensual a través de Transferencia Bancaria na Conta que se sinale pola Empresa adxudicataria, unha vez presentada a correspondente Factura aprobada polo órgano competente.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:00 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.